

volveremento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 21 de abril de 2009.

P.S. (Disposición primeira Orde 31-1-2008;
DOG nº 23, do 1 de febreiro)
María Isabel Durántez Gil
Directora xeral de Interior

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 7 de abril de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro das liñas ICO 2009, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre este instituto e as entidades financeiras.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 73, do 17 de abril de 2009, procede facer as seguintes correccións:

Dentro da base reguladora da liña internacionalización:

-Na páxina 7.459, no artigo 3.3.2., onde di: «Podrán ser obxecto de financiamento a través desta liña todas as actividades económicas, agás as excluídas pola Comisión Europea no artigo 1 do Regulamento 800/2008, no artigo 1 do Regulamento 875/2007 e no artigo 1 do Regulamento 1535/2007», debe dicir: «Podrán ser obxecto de financiamento a través desta liña todas as actividades económicas, agás as excluídas pola Comisión Europea no artigo 1 do Regulamento 800/2008, no artigo 1 do Regulamento 875/2007 e no artigo 1.2 do Regulamento 1857/2006».

Dentro da base reguladora da liña emprendedores:

-Na páxina 7.459, no artigo 3.4.2., onde di: «Podrán ser obxecto de financiamento a través desta liña todas as actividades económicas, agás as excluídas pola Comisión Europea no artigo 1 do Regulamento 800/2008, no artigo 1 de Regulamento 875/2007 e no artigo 1 do Regulamento 1535/2007, debe dicir: «Podrán ser obxecto de financiamento a través desta liña todas as actividades económicas, agás as excluídas pola Comisión Europea no artigo 1 do Regulamento 800/2008, no artigo 1 do Regulamento 875/2007 e no artigo 1.2 do Regulamento 1857/2006».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 3 de abril de 2009 pola que se resolve o concurso de méritos do persoal funcionario de administración e servizos desta universidade.

Vista a proposta de adxudicación definitiva de destinos elevada polos presidentes das comisións de valoración do concurso de méritos do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo, convocado mediante a Resolución do 31 de outubro de 2008 (DOG nº 222, do 14 de novembro) e consonte o previsto na convocatoria

Esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Aprobar e ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de destinos definitivos adxudicados que figuran no anexo.

Segundo.-A toma de posesión do destino definitivo obtido efectuarase o día seguinte ao de cesamento se non comporta cambio de residencia e localidade. Este prazo será dun mes contado desde a data indicada, se comporta cambio de residencia e provincia, ou ben por reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse o día hábil seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se a resolución do concurso comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da reitoría, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 3 de abril de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo